



PLAN DE DESALOJO DO CENTRO

Alarma:

Activaráa o profesor que detecte o problema, facendo soar o dispositivo sonoro que servirá de sinal para iniciar o desaloxo.

Unha vez activada a alarma, a mesma persoa encargarse de chamar a Protección Civil e aportar os datos necesarios para a inmediata intervención deste servicio.

Os números dos teléfonos de uso en caso de emerxencia deberán estar ben visibles desde donde se utiliza a línea telefónica.

¿Qué facer cada quen?:

Cada profesor/a que se atope impartindo clase responsabilizase do desaloxo do colectivo de alumnos/as que teña ó seu cargo nese momento, seguindo as instrucións que o espacio-aula no que se atope ten para os casos de emerxencia. Unha copia das referidas instrucións deberá estar en lugar visible na aula.

Os profesores/as que estean sen impartir docencia directa deberán acudir ó vestíbulo da entrada principal, xuntamente ca conserxe, co fin de axudar a organizar a saída do centro do mellor xeito posible.

Uniranse a estes profesores/as aqueles que estiveran impartindo clase individual, unha vez que integre ó alumno ó seu cargo con algún dos grupos veciños.

O conserxe abrirá as portas de SAIDA (portas principais, na planta Cero) e permanecerá nas mesmas organizando o desaloxo e atenta á chegada dos servicios de axuda que veñan do exterior (Protección Civil, Bombeiros, Ambulancias...), co fin de darlles información sobre a maior eficacia na súa intervención (extintores, mangueras, cadros eléctricos...).

Os profesores que se atopen no vestíbulo organizaranse do seguinte xeito:

Un/unha revisará os aseos de nenos/as da PLANTA -1 unha vez que saia o último grupo. A continuación, revisará as aulas da mesma planta.



En canto finalice esta revisión, dirixirase a Conserxería por si tivera que substituír á Conserxe, no caso que ésta tivera a necesidade de saír ó exterior para controlar que o tráfico que poida haber pola rúa de acceso ó Centro impida a rapidez do desaloxo.

¿ Cómo será a saída?:

En todo caso seguiranse as indicacións do itinerario que figuran en parte ben visible de cada un dos espacios- aulas, tendo en conta as seguintes instrucións para o movemento das persoas que se encontren no edificio.

Planta -1

Os alumnos/as que están en clase colectivas sairán en dobre fila co seu profesor/a diante que os conducirá, ben arrimados ó pasamans das escaleiras, a SAIDA da planta 0.

Todo o alumnado deberá reunirse cos seus profesores/as no parque que hai no exterior, na parte posterior do edificio

Planta 1

Os alumnos/as das clases colectivas ubicados no aula telecentro sairán en dobre fila co seu profesor/a diante que os conducirá a SAIDA principal da planta 0

Se houbera actividade académica no escenario de Salón de Actos, os alumnos/as guiados polo seu profesor/a sairían, nunha fila única, pola SAIDA da taquilla situada na mesma planta.

Fariase do mesmo xeito o desaloxo das persoas que poideran estar sobre o escenario no caso de se celebrar algún evento no Salón de Actos.

Todo o alumnado deberá reunirse cos seus profesores/as no parque que hai no exterior, na parte posterior do edificio.

Planta 2

Os alumnos/as das clases colectivas ubicados no segundo andar sairán en dobre fila co seu profesor/a diante que os conducirá a SAIDA principal da planta 0

Todo o alumnado deberá reunirse cos seus profesores/as no parque que hai no exterior, na parte posterior do edificio

Outras consideracións a ter en conta

Cómpre que cada profesor/a reconte o alumnado da súa aula antes de saír. De faltar algún alumno/a deberá intentar incorporalo no decurso da saída. De non conseguilo sen ter que abandonar ó resto, debe saír e facelo constar á persoa que está máis próxima. Se non atopara a ninguén daráse a información á saída.

Unha vez no punto de encontro encargárase de facer chegar a información da situación ós servizos de axuda que cheguen ó Centro, si antes non tivo información de que o problema estea resolto. De non ter chegado axuda, dende o punto de encontro artellarase o xeito de intentar localizar ó neno/a que falte.

Quedará ó criterio de cada profesor/a si os alumnos/as recollen ou non o seu instrumento. En función da urxencia cada responsable de aula tomará a determinación que considere máis oportuna, tendo en conta que algún instrumento pesa dabondo para os alumnos/as máis pequenos.

En todo momento deberá haber total tranquilidade polo que é preciso que o profesorado manteña a calma durante todo o tempo que dure o desaloxo.